



# BASES

## CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN TEMPORAL DUNHA PRAZA DE DIRECTOR/A DE CULTURGAL

### 1. Obxecto da convocatoria

A Asociación Culturgal convoca un concurso para a selección dun ou dunha profesional do sector cultural galego que coordine a elaboración dun plan estratégico para Culturgal e dirixa a Feira das Industrias Culturais de 2011

### 2. Características do contrato

A duración do contrato será dun ano, con posibilidade de prórroga. As condicións económicas e a dedicación ao proxecto negociaranse sobre a proposta presentada por cada candidato/a

### 3. Funcións

**Elaborar un plan estratégico** a catro anos para Culturgal, recollendo os criterios da xunta directiva da Asociación.  
**Dirixir a Feira das Industrias Culturais 2011**, en colaboración coa xunta directiva da Asociación Culturgal. As tarefas esixidas serán:

- ≈ Definir o programa da Feira das Industrias Culturais, en coordinación coa xunta directiva da Asociación Culturgal
- ≈ Definir e coordinar a producción executiva de dito programa
- ≈ Definir e coordinar os equipos técnicos necesarios para a súa realización
- ≈ Definir e coordinar o Plan de Patrocinios
- ≈ Coordinar a venda de espazo expositivo na Feira
- ≈ Coordinar a montaxe do recinto feiral
- ≈ Supervisar a comunicación do evento
- ≈ Resolver calquera imprevisto que xurda no decurso do evento

### 4. Documentación

Se queres participar neste proxecto ilusionante e de importancia estratégica para a nosa cultura, transmítenos a túa visión do Culturgal nun primeiro **bosquexo de plan estratégico** que non supere os quince folios. De xeito orientativo, propónemosche os seguintes puntos:

- ≈ Análise do punto de partida. Breve reflexión sobre as edicións pasadas e a situación actual da feira
- ≈ Definición dun modelo de futuro. Unha proposta para os próximos catro anos que recolla os seguintes puntos:

Análise de públicos  
Modelo de mercado

Periodicidade, duración e sede  
Financiamento e sustentabilidade  
Comunicación

- ≈ Estrutura do equipo de traballo que necesitarías para desenvolver a túa proposta
- ≈ Proposta económica, distinguindo entre a túa dedicación e a do teu equipo, no caso de proponer un concreto
- ≈ Acórdate de incluir na primeira páxina a seguinte **información básica**:

Nome e apelidos\*  
Dirección de correo electrónico\*  
Teléfono de contacto\*  
Empresa ou colectivo ao que pertences  
Breve resumo da túa relación previa co sector cultural galego  
Breve resumo da túa experiencia previa en eventos culturais  
Breve resumo da túa relación previa con Culturgal

E adxúntanos tamén:

O teu currículum vitae, acompañado de copia daqueles méritos que consideres importantes para o proceso selectivo.  
Copia do teu documento nacional de identidade  
No caso de que proponñas un equipo de traballo concreto, envíanos tamén os currículos das outras persoas do equipo

Preferimos recibir a documentación a través de [organizacion@culturgal.com](mailto:organizacion@culturgal.com), pero se prefires facer un envío postal podes facelo, indicando o asunto "CONCURSO DIRECCIÓN CULTURGAL" á seguinte dirección:

Asociación Culturgal  
Rúa das Hedras 2, planta 2, porta F  
Polígono Novo Milladoiro  
15895 Milladoiro (Ames) A Coruña

### 5. Prazos

**Primeira fase:** A data límite para a entrega da documentación será o luns día 4 de abril.  
**Segunda fase:** Na semana do 11 ao 15 de abril a xunta directiva da Asociación Culturgal realizará entrevistas persoais a aquelas persoas aspirantes que teñan superado a primeira fase.  
**Terceira fase:** A resolución do concurso farase pública a última semana do mes de abril de 2011.

\*Campos de obrigado cumprimento